



MÁSTER UNIVERSITARIO EN PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA

ACORDOS DA COMISIÓN DO TÍTULO DO MÁSTER EN PSICOLOXÍA XERAL SANITARIA, 2020-2021

10 DE SETEMBRO DO 2020

Orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior
2. Informe do coordinador
3. Organización do Practicum I e II e xestión das posibles incidencias relacionadas coa pandemia
4. Planificación do desenvolvemento do curso 2020-2021
5. Revisión das condicións de acceso ao MUPXS (90 créditos ECTS sanitarios) en relación co acordo da REACU
6. Rolda de intervencións

Asistentes: Corral Varela, Montserrat; Gómez Fraguela, Xosé Antón; Míguez Varela, M^a Carmen; Senra Rivera, Carmen; Villar Torres, Paula

Acordos:

1. Autorizar a matrícula parcial no MUPXS a Uxía Ferreiro Caneiro
2. Modificar a memoria para limitar a aplicación da esixencia de acreditar 90 créditos ECTS sanitarios unicamente a persoas con títulos expedidos noutros países, a menos que estén homologados.

06 -09 DE NOVIEMBRE DE 2020

Orde do día:

1. Pronunciamento sobre o acordo de prácticas externas aprobado polo Consello de Goberno o 30 de outubro de 2020

Asistentes: Becoña Iglesias, Elisardo; Corral Varela, Montserrat; Gómez Fragueta, Xosé Antón; López Durán, Ana; Míguez Varela, M^a Carmen; Rodríguez Salgado, Dolores; Senra Rivera, Carmen; Villar Torres, Paula

Acordos:

1. Durante o curso 2020-2021, se non se puideran desenvolver as prácticas en período ordinario por mor da pandemia, posibilitarase a realización do practicum en período non lectivo.

18 DE NOVEMBRO DO 2020

Orde do día:

1. Aprobación das actas das sesións anteriores
2. Informe do coordinador
3. Procedemento de renovación dos representantes de estudantes na Comisión do título
4. Valoración das proposta de actividades a realizar para complementar o prácticum 2020-2021 nos casos que non se cumpran as horas de formación presencial esixidas
5. Proceso de defensa dos TFM's para a convocatoria de curso 2020-21
6. Procedemento de titorización especial para o alumnado con TFM's pendentes de promocións anteriores
7. Rolda de intervencións

Asistentes: Becoña Iglesias, Elisardo; Corral Varela, Montserrat; Gómez Fragueta, Xosé Antón; Míguez Varela, M^a Carmen; Mirón Redondo, Lourdes; Rocha Citoula, Jose; Villar Torres, Paula

Acordos:

1. Incorporación de Aldara Domínguez García como representante de estudantes na Comisión do título.
2. Incorporar como representante de estudantes en cada nova promoción á persoa que sexa elixida como delegada de curso e manter a representación durante dous anos.
3. Fixar un mínimo de 600 horas de práctica supervisada (presencial ou telemática), xunto co traballo autónomo para a elaboración da memoria de prácticas, como requisito para a superación da materia Practicum I-II dos estudantes da promoción 2019-2020. Naqueles casos nos que, superando o 50% do tempo requirido, non se poda chegar a ese mínimo se esixirán como actividades complementarias a realización de estudos de casos e/ou o desenvolvemento dun servizo para o centro de prácticas (elaboración de material, proposta dun protocolo, etc. segundo as características do mesmo) segundo se acorde co titor académico.
4. Posibilidade de realizar a defensa mediante tribunal por vía telemática no caso de que se dean circunstancias que impidan a modalidade presencial (que sería a opción por defecto).
5. Facer anualmente unha revisión dos estudantes matriculados na materia de TFM procedentes de promocións anteriores a do ano correspondente e contactar cos seus titores para valorar a posta en marcha de accións de apoio específico.

18 DE DECEMBRO DE 2020

Orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior
2. Informe do coordinador
3. Aprobación dos informes que se soliciten para o recoñecemento do complemento por méritos docentes do profesorado que imparte docencia no título, unha vez comprobado que cumpren os requisitos establecidos.
4. Rolda aberta de intervencións

Asistentes: Becoña Iglesias Elisardo; Corral Varela, Montserrat; Domínguez García, Aldara; Gómez Fraguera, Xosé Antón;

López Durán, Ana; Míguez Varela, M^a Carmen ; Rodríguez Salgado, Dolores; Senra Rivera, Carmen; Vázquez Rodríguez, María Isabel

Acordos:

1. Informe favorable da actividade e cumprimento das obrigas docentes no título de MUPXS dos profesores Elena Amenedo e Xosé Antón Gómez para o recoñecemento do complemento por méritos docentes.

10 DE FEBREIRO DE 2021

Orde do día

1. Aprobación da acta da sesión anterior
2. Informe do coordinador
3. Aprobación dos informes que se soliciten para o recoñecemento do complemento por méritos docentes do profesorado que imparte docencia no título, unha vez comprobado que cumpren os requisitos establecidos
4. Rolda aberta de intervencións

Asistentes

Becoña Iglesias, Elisardo; Corral Varela, Montserrat; Domínguez García, Aldara; Gómez Fragueta, Xosé Antón; López Durán, Ana; Rodríguez Salgado, Dolores

Acordos

1. Aprobación da proposta de PDA para o curso 2021-2022

23 DE FEBREIRO DE 2021

Orde do día

1. Aprobación da acta da reunión anterior
2. Informe do coordinador
3. Organización da elaboración do informe de seguimento do título
4. Organización da defensa de TFM na convocatoria de febreiro 2021
5. Solicitud de convalidación de créditos de Practicum
6. Rolda aberta de intervencións

Asistentes

Corral Varela, Montserrat; Domínguez García, Aldara; Gómez Fragueta, Xosé Antón; López Durán, Ana; Senra Rivera, Carmen; Seoane Pesqueira, Gloria; Vázquez Rodríguez, M. Isabel; Villar Torres, Paula

Acordos

1. Denegar a solicitude de convalidación de prácticas extracurriculares do Consello Social por créditos da materia de Prácticum presentada pola estudante Cora Sierra.

16 DE MARZO DE 2021

Orde do día

1. Aprobación do informe de seguimento 2019-2020

Asistentes

Becoña Iglesias Elisardo; Corral Varela, Montserrat; Gómez Fragueta, Xosé Antón; Míguez Varela, M Carmen

Acordos

1. Aprobación do informe de seguimento 2019-2020

5 DE ABRIL DE 2021

Orde do día

1. Aprobación das actas das reunións celebradas o 23/02/2021 e o 16/03/2021
2. Informe do coordinador
3. Aprobación dos horarios do curso 2021-2022
4. Rolda aberta de intervencións

Asistentes

Becoña Iglesias Elisardo; Corral Varela, Montserrat; Gómez Fraguera, Xosé Antón;
López Durán, Ana; Míguez Varela, M^a Carmen; Mirón Redondo, Lourdes; Senra Rivera,
Carmen; Villar López, Paula

Acordos

1. Retirar da oferta durante o curso 2021-2022 a materia optativa Prevención e promoción da saúde
2. Aprobación dos horarios do curso 2021-2022

23 DE XUÑO DE 2021

Orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior
2. Informe do coordinador
3. Valoración da solicitude de adaptación curricular dun estudante
4. Análise da admisión de estudantes procedentes do estranxeiro
5. Rolda aberta de intervencións

Asistentes:

Becoña Iglesias Elisardo; Corral Varela, Montserrat; Gómez Fraguera, Xosé Antón; López Durán, Ana; Míguez Varela, M^a Carmen; Mirón Redondo, Lourdes; Rodríguez Salgado, Dolores; Senra Rivera, Carmen; Vázquez Rodríguez, María Isabel; Villar López, Paula

Acordos:

1. Trasladar á Secretaría xeral a consulta sobre a pertinencia da adaptación curricular solicitada e, no seu caso, a normativa a aplicar.

2. Modificar o apartado 4.2. Requisitos de acceso e criterios de admisión da Memoria de verificación do título, de acordo ao Real Decreto 967/2014 de 21 de novembro que esixe a homologación de títulos estranxeiros para o acceso a títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercicio dunha profesión.